



Que son os Campus?

Trátase dunha iniciativa que ofrece formación totalmente gratuíta para un total de 120 beneficiarios, potenciais emprendedores da provincia de Lugo. Este proxecto, nace para estimular o espírito empresarial e a creación de empresas con conciencia medioambiental nunha contorna como as Reservas da Biosfera de Terras do Miño e Ancares, caracterizadas pola súa riqueza e potencialidades.

Para o desenvolvemento da II Edición do Campus de Emprendemento Sostible, levaranse a cabo unha serie de accións dirixidas ao fomento da actividade emprendedora a través dunha metodoloxía formativa experiencial que combinará sesións teóricas con visitas a empresas competitivas e sostibles, implantadas en contornas rurais da Provincia de Lugo. Estas empresas, ademais de constituír un modelo de empresa economicamente rendible, socialmente comprometida e medioambientalmente respectuosa, constituirán un foro de encontro e interacción cos potenciais emprendedores nos que compartir a súa experiencia, inquiredanzas, atrancos, dúbidas e éxitos acadados.

Como novidade, nesta II Edición, celebraranse un total de **6 accións formativas**, que se dividirán en función do perfil dos emprendedores segundo o grao de maduración da súa idea empresarial.

Como novidade, nesta II Edición, celebraranse un total de **6 accións formativas**, que se dividirán en función do perfil dos emprendedores segundo o grao de maduración da súa idea empresarial.

- **CAMPUS DE MOTIVACIÓN E XERACIÓN DE IDEAS:** dirixido a aquelas persoas que estean a valorar a posibilidade de emprender de xeito sostible. Neste campus traballarase a motivación para o emprendemento sostible, explicando os elementos principais a ter en conta á hora de crear unha empresa e traballando os instrumentos que axudan á busca de ideas empresariais como as oportunidades de negocio ou exemplos de boas prácticas de empresas establecidas en Reservas da Biosfera en España.
- **CAMPUS DE MADURACIÓN DA IDEA EMPRESARIAL:** dirixidos a aquelas persoas que xa teñan un pouco mais avanzada a súa idea de negocio. Neste campus traballarase cos emprendedores a maduración da idea empresarial, traballando a viabilidade comercial, técnica, legal, medioambiental e económico-financeira. Unha vez finalizado o campus, haberá unhas **sesións de titorías** para poder prestar asesoramento personalizado aos alumnos que desexen continuar o traballo de maduración iniciado durante o campus.



Datas e o lugar de celebración

CAMPUS DE MOTIVACIÓN E XERACIÓN DE IDEAS

- 1. ANCARES - CERVANTES. DATAS: 7 AO 10 DE XULLO . HORARIO DE TARDE: 16:00 A 20:00 H.**
- 2. Centro de Interpretación Terras do Miño. Datas: 14 ao 17 de xullo. Horario de tarde: 16:00 a 20:00 h.**

CAMPUS DE MADURACIÓN DA IDEA EMPRESARIAL

- 3. Centro de Interpretación Terras do Miño. Datas: 1 ao 4 de setembro. Horario de mañá: 10:00 a 14:00 h.**
- 4. ANCARES -CERVANTES. DATAS: 8 AO 11 DE SETEMBRO. HORARIO DE TARDE: 16:00 A 20:00 H.**
- 5. Centro de Interpretación Terras do Miño. Datas: 15 ao 18 de setembro. Horario de tarde: 16:00 a 20:00 h.**

As accións formativas terán lugar de luns a mércores e o xoves realizarase a visita ás empresas durante todo o día.

Que tes que facer para inscribirte?

Só tes que cubrir unha sinxela ficha na que se recollerán os teus datos no seguinte enderezo www.deputacionlugo.org ou chamando ao 982 22 78 12.